

ACTIVIDADES ECOLOXÍA:

1.-Os factores que afectan a supervivencia dunha especie poden ser bióticos ou abióticos. Indica de qué tipo son os que aparecen a continuación:

- a) Luminosidade.
- b) Resistencia a enfermidades.
- c) Capacidade para emigrar.
- d) Capacidade para adaptarse a novas condicións ambientais.
- e) Auga no medio.
- f) Competencia polos recursos.
- g) Presenza ou ausencia de depredadores.
- h) Temperatura.
- i) Abundancia ou falta de espazo.

2.-As especies poden adaptarse ao medio que as rodea cambiando algunha estrutura corporal, modificando o seu comportamento ou cambiando a súa fisioloxía. Indica se as seguintes adaptacións son fisiolóxicas, estruturais ou anatómicas, ou de comportamento.

- a) As plantas de zonas áridas reducen as súas follas a espiñas.
- b) As aves fan un ritual de cortexo para atraer ás femias.
- c) O leirón careto hiberna desde novembro ata marzo.
- d) Os herbívoros presentan enzimas dixestivas capaces de dixerir compostos vexetais.
- e) Migración das andoriñas cara aos trópicos nas épocas frías.
- f) Os animais de zonas desérticas producen unha urina moi concentrada para evitar a deshidratación.
- g) A formación de bancos de peixes.
- h) As aves acuáticas posúen patas palmeadas.

3.-Indica qué tipo de asociación intraespecífica dase nos seguintes casos:

- a balea e as súas crías
- unha manada de elefantes
- unha bandada de gaivotas
- un formigueiro
- un grupo de cervos constituído por un macho e varias femias
- un arrecife coralino

4.- Indica as diferenzas entre;

- biótomo e biocenose
- factor abiótico e factor biótico
- hábitat e nicho ecolóxico
- especie eurioica e especie estenoica
- especie xeralista e especialista